

XUNTA DE GOBERNO**Sesión do día 30 de setembro de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día trinta de setembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

- 1.32141.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VIGO CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL RESPECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430”. (Expte.2022059393)

No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Vigo* teñen o obxectivo compartido de continuar coas amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, nos tramos que transcorren tanto por espazos urbanos como por zona rural, consolidando un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos para a mellora da mobilidade aumentando así a seguranza viaria.

Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do servizo de Infraestruturas, e o concello de Vigo acordan celebrar un convenio de colaboración, prestando o Concello conformidade en acordo de Xunta de Goberno Local de 22 de xullo de 2022, para o investimento “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da entidade local menor de Bembrive, P.Q. 3+430*”.



En data 09/06/2022 os servizos técnicos da Deputación emiten informe favorable (CSV: TA4UFNA4IYZZ0NI8) sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre a prioridade das obras.

Neste contexto, en data 16/09/2022 e nº de rexistro 2022021878, o Concello de VIGO solicita formalmente e en prazo a autorización da aplicación de crédito para a financiación das obrigas do Concello en relación co convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para a execución do investimento “*Mellora da mobilidade peonil Na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. De Bembrive, p.q. 3+430*”, que está a desenvolver o servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra.

En data 23/09/2022 sométese a Xunta de Goberno a proposta de acordo de aprobación do citado convenio, cun orzamento de 233.587,12 €, achegando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 163.510,98 €, sendo a aportación municipal de 70.076,14 €, tal é como establece a seguinte táboa:

DEPUTACION DE PONTEVEDRA	163.510,98 €
CONCELLO DE VIGO	70.076,14 €
TOTAL	233.587,12 €

No convenio, cláusula terceira, establécese que a achega do Concello de Vigo, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, realizarase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos concellos para o desenvolvemento das actuacións no Concello de Vigo, con cargo á aplicación 22/942.9420.762.14.

Fundamentos xurídicos:

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47^a e 48^a de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Competencia para resolver:

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e na Base 16ª do Orzamento da Deputación Provincial do ano 2022 a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



Conclusións:

A solicitude do *Concello de Vigo* relativa ao financiamento das súas obrigas en relación co convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Vigo* relativo a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, p.q. 3+430*”, que tramita o servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, foi presentada dentro de prazo, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 70.076,14 € (anualidade 2022), cun orzamento total de 233.587,12 €.

Visto que o obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables ao ser os servizos afectados no proxecto de titularidade municipal (alumeado público, o soterramento das redes de electricidade e telecomunicacións e o cambio da drenaxe).

Visto que o correspondente instrumento de colaboración que se vai a financiar a cargo dos *Investimentos en Convenio (Vigo- Pontevedra)* non altera nin amplía no tempo os créditos orzamentarios que se reterán para realizar logo a xeración de crédito mediante os documentos contables pertinente.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe da xefa do servizo de Cooperación de data 19/09/2022 que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/09/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vigo*, CIF P3605700H a cantidade de 70.076,14 € con destino ao financiamento da achega municipal do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Vigo* do investimento “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, p.q. 3+430* ” cun orzamento que ascende a 233.587,12 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Concello	Actuación	Orzamento	Subvención	Observacións
VIGO P3605700H	Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, p.q. 3+430 Expte.2022022211 (Infraestruturas)	233.587,12 €	70.076,14 €	Achega Municipal Convenio finánciase con cargo a partida investimentos en convenio (Vigo-Pontevedra) anualidade 2022



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido no convenio.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo relativo á execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da E.L.M de Bembrive, P.Q. 3+340*” e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Vigo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, Servizo de Infraestruturas e ao Gabinete da Presidencia.

2.32142.- CONCESIÓN DAS AXUDAS A DEPORTISTAS RECOÑECIDOS DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO DAN) E DEPORTISTA PROMESA (DEPO PROMESA) DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022 (Expte: 2022042604)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 15 de xullo de 2022 aprobou as bases reguladoras para a concesión de axudas a deportistas recoñecidos de alto nivel (DEPO_DAN) e deportistas promesa (DEPO_PROMESA) da provincia de Pontevedra para o ano 2022, publicadas no BOPPO nº 138 de 20 de xullo de 2022, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola Intervención de data 26 de setembro de 2022 e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe de 250.000,00 € e con cargo a aplicación orzamentaria 22/340.3400.481.01 do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión a 271 solicitudes (sendo 185 solicitudes DEPO_DAN, 77 solicitudes DEPO_PROMESA e 9 solicitudes DEPO_DAN+) e que figuran na relación que se achega co seguinte CSV: GWGUETFC3C4ZQUV.

Excluindo deste programa un total de 51 solicitudes (43 solicitudes DEPO_DAN e 8 solicitudes DEPO_PROMESA) e que se indica co seguinte CSV: 81SZA9C6S91MTFR7.



3.32143.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-6005 (PQ 0+000 Ó PQ 0+573), CONCELLO DE LALÍN”. (Expte. 2022045201)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP 6005 Prado – Bodaño, que descorre polo Concello de Lalín e que ten unha lonxitude de 11.259 m.

Resultando.-Que na actualidade, os espazos en contacto coa estrada EP-6005 precisan dunha reestruturación para a creación dunha senda peonil que permita aos peóns unha mobilidade segura entre os núcleos de Prado e Vilar do Río.

Resultando.- Que na súa consecuencia con data 20/01/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín, convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín*”.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Lalín* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	258.953,00 €	80
Concello de Lalín	64.738,25 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	323.691,25 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”

Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa PROYESTEGAL, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín” cun orzamento base de licitación de 323.691,25 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) S5ZT2ENBKU93B15B.

Resultando.-Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202200005105 por importe de 323.691,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa reunión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022 acordou aprobar definitivamente o proxecto da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”, cun orzamento base de licitación de 323.691,25 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) S5ZT2ENBKU93B15B.

Resultando.- Que consta no expediente autorización concedida por Augas de Galicia para a execución das obras.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 29/08/2022 emitiu informe o Secretario accidental, recollendo o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que con data 22/09/2022 emitiu informe a Xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “...*Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. -Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de*



acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante”.*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín*” cun orzamento base de licitación de 323.691,25 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe..... 267.513,43 €
IVE (21%)..... 56.177,82 €
Importe Total..... 323.691,25 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): B100J2ZPVJ6WH9BS, e de prescricións técnicas con código (CSV) S5ZT2ENBKU93B15B, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 323.691,25 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

4.32144.- PRÓRROGA DO CONTRATO “SERVIZO DE MANTEMENTO, ATENCIÓN A INCIDENCIAS E VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2020007920)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, nas súas sesións ordinarias celebradas os días 16/11/2020 e 04/12/2020 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a contratación do “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra (LOTES 1 e 2)*” de acordo co seguinte detalle, polos prezos e valores ofertados:

LOTE 1- ZONAS 7 e 9

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE PONTENORTE II	1.449.097,39 €



LOTE 2- ZONA 4

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	799.574,05 €

LOTE 3- ZONA 5

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES,S.A.- PROVISA VIAS Y OBRAS, S.L.U.	906.153,97 €

Resultando.- Que en referencia ó lote 3 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23/11/2021 acordou autorizar a súa cesión a favor da empresa CONSTRUCCIONES OBRA Y VIALES, S.A.

Resultando.- Que o contrato do lote 1 formalizouse o día 17/12/2020; o contrato do lote 2 formalizouse o día 14/12/2020; o contrato do lote 3 formalizouse o día 18/01/2021.

Resultando.- Que o prazo de execución destes contratos estableceuse en DOUS (2) ANOS a contar dende a data da súa formalización.

Resultando.- Que con data 14/03/2022 emitiu informe o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo o seguinte: “...*Nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo....*”

Resultando.- Que no citado informe se solicita unha prórroga deste contrato ata o 06/08/2023, distribuíndose o seu importe e a súa financiación da seguinte forma:

ANO	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
2022	28.176,89 €	17.768,31 €	0 €
2023	436.741,87 €	242.093,29 €	251.709,47 €
TOTAL	464.918,76 €	259.861,60 €	251.709,47 €



Resultando.- Que consta no expediente comunicación realizada na data 07/09/2022 a UTE PONTENORTE II, CONS-TRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. e CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., sobre que se vai proceder a prorrogar o contrato ata o día 06/08/2023, sendo polo tanto a prorroga obrigatoria para as devanditas empresas.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor, que recolle o seguinte: “...*infórmase favorablemente a proposta, condicionado á incorporación ao expediente do certificado de existencia de crédito ou documento contable RC...*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:

LOTE	IMPORTE	APLICACION	N OPERACIÓN
LOTE 1	28.176,89 €	22/456.4530.210.00	202200183102
LOTE 2	17.768,31 €	22/456.4530.210.00	202200183103

Considerando.- Que a cláusula 4 do prego de cláusulas económico administrativas particulares que rexeu nesta contratación establece que o prazo de duración do contrato, será de DOUS (2) ANOS, a contar dende a data de formalización do contrato. O contrato poderá ser prorrogado por un prazo máximo de dous anos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a prorroga dos lotes 1, 2 e 3 do contrato “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, segundo o seguinte detalle:

LOTE	DATA INICIO PRORROGA	DATA FIN
1	18/12/2022	06/08/2023
2	15/12/2022	06/08/2023
3	19/01/2023	06/08/2023



2. Autorizar o gasto por importe de 976.641,96 €. Este contrato financiarase da seguinte maneira:

ANO	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
2022	28.176,89 €	17.768,31 €	0 €
2023	436.741,87 €	242.093,29 €	251.709,47 €
TOTAL	464.918,76 €	259.861,60 €	251.709,47 €

As cantidades correspondentes ó ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.210.00. As cantidades correspondentes ó ano 2023 quedarán condicionadas a aprobación do orzamento do ano 2023 é a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

5.32145.- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE COPIA DE SEGURIDADE NA NUBE PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2018029857)

Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 29 de marzo de 2019 (nº21.27819), adxudicouse o contrato de servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra, á empresa EDNON S.L. (B36938009), polos seguintes prezos por Giga de almacenamento bruto en orixe a respaldar:

Importe sen IVE	0,14 €
IVE (21%)	0,03 €
Importe total ofertado	0,17 €

O contrato formalizouse en documento administrativo o día 7 de maio de 2019.

O prazo de duración é de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas dunha anualidade cada unha.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 29 de outubro de 2019 se acorda a suspensión temporal do contrato adxudicado á empresa EDNON S.L, con efectos de 8 de maio de 2019.

Consta no expediente acta de suspensión e reinicio do contrato do servizo de copia de seguridade na nube, de data 12 de novembro de 2019.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 29 de novembro de 2019, se acorda o reinicio do contrato do servizo de copia de seguridade na nube, con efectos de 12 de novembro de 2019.



Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 22 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “*Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra*”, ata o 11 de novembro de 2022.

Con data 26 de agosto de 2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, co conforme da Deputada Delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos de 12 de novembro de 2022 ata o 11 de novembro de 2023.

Tendo en conta que o apartado 4 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 18 de agosto de 2022, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 21 de setembro do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta para a segunda prórroga do contrato de “Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra” por unha anualidade, desde o 12 de novembro de 2022 ao 11 de novembro de 2023.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente prórroga é a Xunta de Goberno.

O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 12 novembro 2022”.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga do contrato de *Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra*, coa empresa Ednon S.L. (CIF B-36938009), con efectos desde o día 12 de novembro de 2022 e ata o 11 de novembro de 2023, ambos inclusive, e polos seguintes prezos unitarios (prezos por Giga de almacenamento bruto en orixe a respaldar):

Importe sen IVE	0,14 €
IVE (21%)	0,03 €
Importe total ofertado	0,17 €



Segundo.- Aprobar o gasto polo importe total de 189.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 926.9260.227.23 de acordo co seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (1 mes e 19 días)	22/926.9260.227.23 (vinculación)	25.588,36 €
2023 (10 meses e 11 días)	23/926.9260.227.23	163.411,64 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

6.32146.- SEGUNDA MODIFICACIÓN DO LOTE Nº 1 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A “SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR, EN RÉXIME DE ALUGUER, PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2020044426)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 30 de xullo de 2021 acordou adjudicar os Lote nº 1 e 3 do Acordo Marco para a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020044426) á *Empresa Monforte, S.A.U. (NIF A-15019243)*.

O obxecto do presente Acordo Marco é dar cobertura ás necesidades manifestadas polos responsables dos diferentes centros xestores da institución provincial como son o traslado de persoal da institución provincial ó lugar no que teñen que desenvolver as tarefas propias do seu posto de traballo ou levar a cabo o transporte escolar e de persoas.

O Lote nº 1 contempla a subministración de vehículos turismo de 5 prazas que foron adjudicados polo prezo mensual unitario de 412,00€ (sen IVE).

O Acordo Marco formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a Empresa Monforte, S.A.U. (A-15.019.243) o día 7 de setembro de 2021 con un prazo de duración máximo de 4 anos (42 meses) a contar desde a data que figure no documento de formalización dos lotes e ata o 31 de decembro de 2024.



Por medio do acordo 24.31440 da Xunta de Goberno provincial de data 11 de marzo de 2022 aprobouse a modificación do Lote nº 1 do referido Acordo Marco ó obxecto de incluír nel un vehículo turismo de 5 prazas destinado ao Centro Príncipe Felipe para o período comprendido entre o 1 de marzo de 2022 e o 31 de decembro de 2024.

Os centros xestores e vehículos previstos no Lote 1 do Acordo Marco despois da modificación levada a cabo son os que de seguido se relacionan, e o importe mensual da flota de 4.944,00 € (sen IVE)

Lote	Centro xestor	Tipo vehículo	Unidades	Aplicación orzamentaria	Orzamento mensual (sen IVE)	Orzamento mensual flota (sen IVE)
1. TURISMOS	Infraestructuras e Vías Provinciais	Turismo 5 prazas	4	456.4530.204.00	1.648,00 €	4.532,00 €
	Cooperación		3	942.4330.204.00 / 942.9420.204.00 / 942.9431.204.00	1.236,00 €	
	Arquivo		1	332.3322.204.00	412,00 €	
	ORAL		3	932.9320.204.00	1.236,00 €	
1ª MODIF	CPF	Turismo 5 prazas	1	232.2312.204.00	412,00 €	412,00 €

Tendo en conta a data de formalización da 1ª modificación (o importe da mesma é de 14.008,00€ (sen IVE) e representa o 39,63% do importe previsto para modificacións), o financiamento do Lote 1 para o prazo de vixencia restante do acordo marco é o seguinte:

LOTE	CENTRO XESTOR	UNIDADES	ORZAMENTO MENSUAL FLOTA (sen IVE)	2022 (01/03 al 31/12)			2023 (01/01 al 31/12)			2024 (01/01 al 31/12)		
				ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)
1. TURISMOS	Infraestructuras e Vías Provinciais	4	4.532,00 €	54.384,00 €	11.420,64 €	65.804,64 €	54.384,00 €	11.420,64 €	65.804,64 €	54.384,00 €	11.420,64 €	65.804,64 €
	Cooperación	3										
	Arquivo	1										
	ORAL	3										
1ª MODIF	CPF	1	412,00 €	2022 (01/03 al 31/12)			2023 (01/01 al 31/12)			2024 (01/01 al 31/12)		
				4.120,00 €	865,20 €	4.985,20 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €

Por medio de informe proposta da Xefa do Servizo de Comunicación Institucional de data 31 de agosto de 2022 conformado polo Deputado Delegado, maniféstase a necesidade dun vehículo turismo de 5 prazas para levar a cabo os desprazamentos do persoal do departamento que se dedica a dar cobertura á axenda institucional (presentacións, actos, inauguracións...) polo maior prazo de duración posible



Por medio de informe proposta da arquitecta Sara Piñón Esteban de data 2 de setembro de 2022 conformado pola Deputada Delegada, maniféstase a necesidade dun vehículo turismo de 5 prazas para levar a cabo os desprazamentos do persoal técnico do servizo ás localizacións nas que se executan as obras e/ou as inversións subvencionadas con vixencia ata o 31/12/2024.

Por medio de informe proposta do Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías de data 01 de setembro de 2022 conformado pola Deputada Delegada, maniféstase a necesidade de contar cun vehículo turismo de 5 prazas para levar a cabo os desprazamentos do persoal técnico do servizo que se vai encargar de realizar as tarefas de soporte, asistencia técnica, xestión de incidencias, resolución de avarías e reparación dos equipos informáticos da Deputación nos diferentes centros da institución provincial a partires do 01 de outubro de 2022 e con vixencia ata o 31/12/2024.

Considerando que o importe de adjudicación do Lote 1 foi de 176.748,00€ (sen IVE), que o 20% do mesmo previsto para modificacións é de 35.349,60€ e que a 1ª modificación levada a cabo tivo un importe de 14.008,00€ (sen IVE), queda un importe dispoñible para modificacións de 21.341,60€ (sen IVE) ata o 31 de decembro de 2024.

A valoración da 2ª modificación do Lote 1 do Acordo Marco para a “Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra” proposta para a subministración de 3 vehículos turismos de 5 prazas solicitados polos servizos de Comunicación Institucional, Arquitectura e Novas Tecnoloxías, ten un importe mensual de 1.236,00€ (sen IVE) (o importe total sería de 21.012,00€ representando o 59,44% do total dispoñible para modificacións), e se propón a seguinte distribución:

LOTE	CENTRO XESTOR	TIPO VEHICULO	UNIDADES	ORZAMENTO MENSUAL FLOTA (sen IVE)	2022		2023		2024					
					ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)			
1. TURISMOS	Infraestruturas e Vías Provinciais	Turismo 5 prazas	4	4.532,00 €	54.384,00 €	11.420,64 €	65.804,64 €	54.384,00 €	11.420,64 €	65.804,64 €	54.384,00 €	11.420,64 €	65.804,64 €	
	Cooperación		3											
	Arquivo		1											
	ORAL		3											
1ª MODIF	CPF	Turismo 5 prazas	1	412,00 €	2022 (01/03 al 31/12)		2023 (01/01 al 31/12)		2024 (01/01 al 31/12)					
					4.120,00 €	865,20 €	4.985,20 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €	
2ª MODIF	Comunicación Instit	Turismo 5 prazas	1	412,00 €	2022 (01/10/2022 al 31/12/2022)		2023 (01/01/ al 31/12/2023)		2024 (01/01 al 31/12)					
			Arquitectura	1	412,00 €	1.236,00 €	259,56 €	1.495,56 €	3.708,00 €	778,68 €	4.486,68 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €
			NNTT	1	412,00 €	1.236,00 €	259,56 €	1.495,56 €	3.708,00 €	778,68 €	4.486,68 €	0,00 €	0,00 €	
						1.236,00 €	3.708,00 €	778,68 €	4.486,68 €	12.360,00 €	2.595,60 €	14.955,60 €	4.944,00 €	1.038,24 €
				6.180,00 €	62.212,00 €	13.064,52 €	75.276,52 €	71.688,00 €	15.054,48 €	86.742,48 €	64.272,00 €	13.497,12 €	77.769,12 €	

Resultando que con data 9 de setembro de 2022 o Xefe do Servizo de Contratación emite informe no que conclúe que “Recibida no servizo de contratación a solicitude de tres vehículos turismos de 5 prazas desde os Servizos de Comunicación Institucional, Arquitectura e Novas Tecnoloxías, plantéxase a necesidade de levar a cabo unha 2ª modificación do Lote 1 do Acordo Marco para a “Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra” ao obxecto de incluír os anteditos centros xestores non previstos inicialmente no mesmo e dotalos dos vehículos solicitados.



A valoración da 2ª modificación proposta para a subministración de 3 vehículos turismos de 5 prazas solicitados polos servizos de Comunicación Institucional, Arquitectura e Novas Tecnoloxías ten un importe mensual de 1.236,00€ (sen IVE) e a 2ª modificación do Lote 1 do Acordo Marco para a “Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra” tería un importe de 21.012,00€ representando o 59,44% do importe total dispoñible para modificacións.

Considérase que non se están alterando as condicións de licitación do Acordo Marco xa que as normas procedimentais e de publicidade establecidas por Lei foron cumpridas, o importe da modificación proposta non supera o 60,37% do importe total dispoñible para modificacións e as condicións do contrato no se varían e permanecen inalterables.

Polo anteriormente exposto, o técnico que subscribe entende que se podería levar a cabo unha 2ª modificación do Lote nº 1 do Acordo Marco para a “Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2020044426) co fin de acadar a satisfacción pretendida no obxecto do mesmo, unha vez sexan emitidos os informes correspondentes de parte da Secretaría Xeral e da Intervención...”.

Con data 13 de setembro de 2022 a Secretaría Xeral informa o expediente favorablemente.

Con data 23 de setembro de 2022 a Intervención informa favorablemente o expediente poñendo de manifesto as seguintes observacións:

“A pesares de estar recollida nos pregos a modificación do acordo marco, cabe advertir do incremento do gasto que supón dispoñer de un número tan elevado de vehículos sen condutor para os distintos centros xestores da Deputación. Esta Intervención considera que deben analizarse as necesidades reais e buscarse outras fórmulas máis eficientes (coma por exemplo: uso compartido, asignación aos servizos dun uso por horas e/ou días, segundo as necesidades de desprazamento, etc.) que permitan dispoñer do mínimo de vehículos indispensables para estar cubertas as necesidades dos distintos servizos sen supoñer un aumento considerable do gasto. Este aumento no número de vehículos, supón un incremento de gasto tanto para esta anualidade como para exercicios futuros coa adxudicación dos contratos derivados.

2.-No que respecta á anualidade 2022 e, dado que as aplicacións orzamentarias propostas non contan, a data de hoxe, con crédito para o financiamento dos gastos que deriven do presente acordo marco, antes da aprobación e adxudicación do/s correspondente/s contrato/s derivado/s debe estar definitivamente aprobado expediente de modificación de créditos (EXT. 05/22) aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 9 de setembro de 2022 (nº 3.7846-Expte. 2022056539) e enviar a esta Intervención o informe-proposta do servizo xestor xunto coa solicitude de existencia de crédito para o contrato derivado en cuestión”.

Considerando o previsto no artigo 190 da LCSP de que dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.



O disposto no artigo 203 da LCSP, respecto dos contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación, que só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204.
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando que a modificación do contrato está prevista no prego de cláusulas administrativas regulador, polo que debe estarse ao establecido no artigo 204 LCSP respecto a este tipo de modificacións.

A cláusula 22. Modificacións do Acordo Marco e Contratos Derivados do prego de cláusulas administrativas prevese expresamente que “A modificación dos contratos tramítaranse e formalizáranse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes, no artigo 153, e publicaránse de conformidade co artigo 63 e 207 da LCSP.

As causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado son as seguintes:

- *Incremento das necesidades dos servizos orixinais do acordo marco ou a inclusión de novos servizo xestores.*
- *No expediente deberá xustificarse debidamente a necesidade polo responsable do contrato ou, no seu caso, polo responsable do novo servizo xestor a engadir.*

O prezo das unidades a subministrar a maiores será o ofertado polo adxudicatario no contrato inicial.

Para a estimación do valor estimado multiplicárase o número de unidades previstas para a nova necesidade polos prezos unitarios ofertados.

A modificación do contrato non poderá superar o 20% do prezo inicial do contrato”.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a competencia para autorizar e comprometer os gastos precisos para a contratación de obras, servizos e subministracións cuxo “valor estimado” supere o importe de 200.000,00€ nos contratos de obras e de 100.000,00 € no resto dos contratos.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a 2ª modificación do Lote nº 1 do Acordo Marco para a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” adxudicado á *Empresa Monforte, S.A.U. (A-15.019.243)* nos seguintes termos:

- Incluir tres vehículos turismos de 5 prazas destinados aos servizos de Comunicación Institucional, Arquitectura e Novas Tecnoloxías de acordo coa seguinte proposta:

LOTE	CENTRO XESTOR	TIPO VEHICULO	UNIDADES	2022			2023			2024			
				ORZAMENTO MENSUAL FLOTA (sen IVE)	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE)	IVE	ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido)	
2ª MODIF	Comunicación Instit	Turismo 5 prazas	1	412,00 €	1.236,00 €	259,56 €	1.495,56 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €
			2022 (01/10/2022 al 31/12/2022)			2023 (01/01/ al 31/12/2023)			2024 (01/01 al 31/12)				
	Arquitectura		1	412,00 €	1.236,00 €	259,56 €	1.495,56 €	3.708,00 €	778,68 €	4.486,68 €		0,00 €	0,00 €
	NNTT		1	412,00 €	1.236,00 €	259,56 €	1.495,56 €	3.708,00 €	778,68 €	4.486,68 €		0,00 €	0,00 €
	2022 (01/10/2022 al 31/12/2022)			2023 (01/01/ al 30/09/2023)			2024 (01/01 al 31/12)						
				1.236,00 €	3.708,00 €	778,68 €	4.486,68 €	12.360,00 €	2.595,60 €	14.955,60 €	4.944,00 €	1.038,24 €	5.982,24 €

O incremento económico desta 2ª modificación é de 21.012,00€ (IVE incluído) e representa un 59,44% do importe total dispoñible para modificacións. As condicións do contrato non varían e permanecen inalterables.

Segundo.- Autorizar o gasto de xeito condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos (EXT. 05/22) aprobado inicialmente polo Pleno sa Corporación o 09 de setembro de 2022 (nº 3.7846 – Expte. 2022056539), polos seguintes importes máximos con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Centro Xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	Comunicación Institucional	924.9200.204.00	1.495,56€
	Arquitectura	457.4500.204.00	1.495,56€
	Novas Tecnoloxías	926.9260.204.00	1.495,56€
2023	Comunicación Institucional	924.9200.204.00	5.982,24€
	Arquitectura	457.4500.204.00	4.486,68€
	Novas Tecnoloxías	926.9260.204.00	4.486,68€
2024	Comunicación Institucional	924.9200.204.00	5.982,24€

Os gastos que se deriven do contrato nas anualidades 2023 e 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias dos correspondentes orzamentos provinciais.



7.32147.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DA PAVIMENTACIÓN DO COMEDOR XERAL NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE (PONTEVEDRA)”, E APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1-FINAL. (Expte. 2021043505)

Resultando.- Que Resolución Presidencial nº 2021007016 de data 25/11/2021 adxudicouse a obra “*Actuacións de substitución da pavimentación do comedor xeral no Centro Príncipe Felipe*”, á empresa ECOMIR CONSTRUCCIONES Y CONTRATOS S.L. (B-94.076.775) por un importe total de 38.546, € e un prazo de execución de 15 días.

Resultando.- En data 17/12/2021, asínase a acta de comprobación de replanteo negativa, na que se recolle a seguinte observación: “*As obras aprazáranse ata o verán de 2022, pois é preciso un período vacacional extenso para a súa realización debido o impacto que teñen no funcionamento do centro. A MT das obras indica que será a DF quen determine a data de inicio.*”

Resultando.- Que con data 23/06/2022 asínase entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo positiva, establecéndose nese intre o prazo de execución da obra. Con data 21/07/2022 asínase a acta de recepción.

Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº1-final, emitiu informe a Intervención en data 20/09/2022, recolle a seguinte observación:

“*... Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado de data 17/12/21 na que indica que por mor do impacto que ten as obras no funcionamento do centro é preciso un período vacacional extenso para a súa realización, aprazándose ata o verán de 2022 e correspondendo á DF a determinación da data de inicio, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras 6 meses despois da acta de comprobación de trazado negativa...*”

CONCLUSIÓN

Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación”.

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.



Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. *A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato.* 2. *Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...*”

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a suspensión do inicio da execución da obra “*Actuacións de substitución da pavimentación do comedor xeral no Centro Príncipe Felipe*”, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e o director de obra na data 17/12/2021.
2. Validar o inicio da execución da obra “*Actuacións de substitución da pavimentación do comedor xeral no Centro Príncipe Felipe*” recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 23/06/2022.
3. Aprobar a certificación nº 1-final da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA ECOMIR CONSTRUCCIONES Y CONTRATOS S.L.	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF B-94.076.775)	22/232.2312.632.03.2021	38.546,97€
SUBTOTAL		38.546,97€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	1.070,82€
Total descontos	Id.	1.070,82€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		37.476,15€



8.32148.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA HIBERUS, SISTEMAS INFORMÁTICOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DAS LICENZAS WINDOWS SERVER DATACENTER DE MICROSOFT PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte. 2019001539). (Devogarán 2021060258)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de maio de 2019 (CSV.- 251S6QR1SJPWSJOR), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Subministración de licenzas Windows Server Datacenter de Microsoft, para a Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019001539).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Hiberus, Sistemas Informáticos, S.L.* (CIF.- B-99045379), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 6.120,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900087354 de data 15/05/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Hiberus, Sistemas Informáticos, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de licenzas Windows Server Datacenter de Microsoft, para a Deputación de Pontevedra*” (Expte.2019001539), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 6.120,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/05/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900087354.



9.32149.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, INTURASA PÉREZ RUMBADO, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á “SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN DE CABINA DOBRE, CAIXA BASCULANTE E GRÚA ARTICULADA PARA AS BRIGADAS DO SERVIZO DE MOBILIDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte. 2018002439. (Devogarán 2022055892))

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 4 de maio de 2018 (Núm. Rex. 2018008682, de data 10/05/2018), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Subministración dun camión de cabina dobre, caixa basculante e grúa articulada para as brigadas do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2018002439).

Para responder da realización deste contrato, a empresa INTURASA- PÉREZ RUMBAO, S.A. (CIF.- A-36122174), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.175,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201800061844 de data 18/04/2018.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao cumprir a empresa satisfactoriamente co obxecto do contrato conforme as cláusulas administrativas que o rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa INTURASA- PÉREZ RUMBAO, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración dun camión de cabina dobre, caixa basculante e grúa articulada para as brigadas do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2018002439), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de *ABANCA*, por importe de 3.175,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 18/04/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800061844.

10.32150.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2022

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados.

Respecto dos procedementos de contratación que se viñan tramitando con anterioridade á entrada en vigor da referida norma, estes datos son completados coa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (*BOPPO*) da formalización dos contratos de contía superior a 100.000€ tal e como se indicaba no art. 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2022*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2022*” que se achegan.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2022*” (CSV UXAU88F7WZMAPKZ) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2022*” (CSV U18LEHJJ2Q4TH0HT), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.



11.32151.- ADXUDICACIÓN DO “PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2022”, PARA O CONCELLO DE TUI (Expte. 2022009564)”

Visto o informe da Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de data 19 de setembro de 2022 (CSV: 4CZXU5YPJWE1PS2W), co seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES E TRATAMENTO TÉCNICO

1º.- Segundo establece no seu art. 31.2 o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios municipais e o seu financiamento, de conformidade co art. 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (LGSS), as deputacións proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.

O Decreto 148/2014, de 6 de novembro en coherencia coa estrutura dos servizos e programas sociais comunitarios básicos e específicos recollidos nos capítulos III e IV do Decreto modifica así mesmo o Anexo IV, de maneira que establece como Programas e servizos dos SS.SS. Comunitarios Básicos os que seguen:

PB1: Programa de valoración, orientación e información.

PB2: Servizo de axuda no fogar

PB3: Servizo de educación e apoio familiar

PB4: Programa básico de inserción social

PB5: Programa de fomento da cooperación e da solidariedade social

2º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 10 de xaneiro de 2022 aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2022 e foron publicadas no BOPPO núm. 15 do 24 de xaneiro de 2022. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais municipais básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

O capítulo VIII do antedito Decreto 99/2012, de 16 de marzo, (art. 40 e seguintes), na súa nova redacción dada polo Decreto 148/2014, prevé, como un dos principais gastos a financiar no referido aos servizos sociais comunitarios “os gastos derivados da retribución do persoal empregado público adscrito a ditos servizos”.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), establece no seu art. 25, referido á estabilidade laboral e calidade no emprego das persoas profesionais dos SS.SS. e políticas de igualdade que “As administracións públicas promoverán a calidade no emprego e a estabilidade laboral das persoas profesionais de servizos sociais, evitando situacións de precariedade, como medio de lograr a calidade e permanencia da oferta pública de servizos sociais.”



3º.- Segundo o anexo II do antedito Decreto, no referido ás dotacións das unidades de actuación de servizos sociais comunitarios básicos por tipo de áreas o Concello de Tui, como área metropolitana, con entre 15.000 e 20.000 habitantes, considerase como modelo de unidade “Unidade interdisciplinar de intervención social (UNIS) urbana” polo que lle corresponderían 2-3 traballadores sociais, 1-2 educadores sociais ou equivalente, 1 psicólogo/asociólogos/as ou titulados/as superiores idóneos.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o 24 de febreiro de 2022. O Concello de Tui presenta a súa solicitude en prazo.

4º.- Con data 28/03/22 requírese ao Concello de Tui a achega do Proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais (anexo II).

Con data 5/04/22 e número de rexistro WEB2022020033 o Concello remite un proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais no que non se reflicte no módulo de persoal o copagamento municipal ou outras achegas, polo que non hai coincidencia entre o orzamento (78.138,32€) e o financiamento total (27.042,00€). Con data 6/04/22 requírese ao Concello de Tui que subsane este erro para completar o expediente. Así mesmo sinalar que neste Proxecto descritivo presentado con data 5/04/22 o Concello de Tui solicita no módulo de persoal, persoal administrativo e titulado medio pero non titulado superior.

Con data 6/04/22 e número de rexistro WEB2022020405 o Concello de Tui presenta un novo Proxecto descritivo dos SS.SS. Comunitarios Municipais (anexo II) incorrecto polo que con data 8/04/22 remítese un terceiro requirimento no que se indican unha serie de defectos que se deben emendar:

1. No Proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais non se reflicte no módulo de persoal, o copagamento municipal ou outras achegas, polo que non hai coincidencia entre o orzamento total (78.138,32€) e o financiamento total (45.104,00€).
2. No Proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais non consta o nome nin o CIF da entidade solicitante.
3. No Proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais, no módulo de persoal solicítase un titulado superior sen que se especifique o Orzamento total previsto para o mesmo.

Con data 13/04/22 e número de rexistro WEB2022022375 o Concello de Tui presenta novo Proxecto descritivo dos SS.SS. Comunitarios Municipais (Anexo II). Neste documento o Concello, no módulo de persoal solicita un importe de 18.062,00€ para unha persoa titulada superior, para a que o concello non prevé achega municipal, sinalando no relativo á natureza do seu vínculo laboral que este persoal será un servizo subcontratado.

Non se especifica a labor a desenvolver deste profesional nos Servizos Sociais Comunitarios Municipais Básicos do Concello de Tui.



Con data 21/07/22 remítese requirimento facendo referencia a este titulado superior e o seu vínculo laboral e solicitando á achega de un novo Proxecto descritivo dos SS.SS. Comunitarios municipais (anexo II), segundo o modelo normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>. Este requirimento non foi atendido polo Concello de Tui.

5º.-O Concello de Tui atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA así como coa Seguridade Social segundo se recolle nas bases reguladoras da convocatoria. Así mesmo non ten ningún anticipo pendente da convocatoria do Plan de Cofinanciamento dos SS.SS. Comunitarios municipais 2021 e presentou a correspondente xustificación en prazo.

6º.-Vista a certificación presentada, polo concello anteriormente mencionado, préstase á aprobación das seguintes cantidades, en función da contía solicitada, a normativa de aplicación e o orzamento dispoñible:

	Concello	Módulo de persoal	Módulo de saf	Total
1	Tui	27.042,00 €	34.646,00 €	61.688,00 €

Por todo isto, PROPONSE que polo órgano competente:

Se aprrobe o gasto por importe de 61.688,00€ para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2022 para o Concello de Tui. Este gasto imputarase á aplicación 22/231.2313.462.00 do presente orzamento desta Deputación provincial“

Visto o informe da Intervención Xeral favorable á tramitación do expediente, de data 23 de setembro de 2022 (CSV:3'TNB6FBBFWNUZHE8), no que se constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 22/231.2313.462.00 para facer fronte ao gasto proposto, emitíndose o documento RC nº 202200185122.

Considerando que de acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

A vista do exposto, de conformidade co establecido nas bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio 2022, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder ao *Concello de Tui*, para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2022, as cantidades de 27.042,00€ para gastos de persoal, e de 34.646,00€ para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico, o que supón un total de 61.688,00€, que se imputarán á aplicación 22/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial, nos termos expostos no informe da Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade e se incorpora ao presente acordo como parte integrante do mesmo servíndolle de motivación.



12.32152.- ADXUDICACIÓN DE 3 OBRADOIROS DO PROGRAMA “DEPOENMARCHA 2022” A ENTIDADES EN LISTA DE AGARDA (Expte.2021048169)

1º.- Por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13/05/2022, número 15.31722, aprobouse a adxudicación dos obradoiros ás entidades de maiores, xubilados e pensionistas e outras entidades da provincia de Pontevedra, no marco do Programa “*Depo en marcha 2022*”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 166 (Anexo II), así como a relación de entidades en lista de agarda que son un total de 13 (Anexo III).

Os Anexos figuran asinados no expediente co seguinte CSV QUY8XCDY7R1AV4H8.

2º.- Unha vez iniciado programa, presentan renuncia as seguintes asociacións:

Expediente	CIF	Entidade	Obradoiro
2022006353	G36582278	Asociación Veciñal Mánduas (Silleda)	Risoterapia
2022006364	G27712306	Asociación de Mulleres en Igualdade de e de Vigo	Terapia Emocional
2022010893	G36311439	Asociación Cultural o Rubal da Picoña	Plantas Medicinales

3º.- Tal e como se recolle no apartado 11) do Acordo de adxudicación, “*analizado o prezo ofertado pola empresa adxudicataria para a execución do programa, o custo para 166 cursos adxudicados a 166 entidades sería de 186.323,38€, sendo posible a súa cobertura dentro do orzamento destinado á presente convocatoria*”.

Así mesmo tal e como se establece na base décimo terceira da convocatoria “(…). O número de accións formativas poderá ampliarse no caso de que a empresa adxudicataria oferte un prezo unitario por obradoiro inferior ao de licitación (...)”, é dicir, si ben o programa oferta un máximo de 130 obradoiros, o prezo adxudicado permitiu aprobar a celebración de 166 actividades formativas.

4º.- Conxuntamente coa relación de obradoiros adxudicados, aprobouse o listado de agarda (13 entidades). A renuncia das tres asociacións citadas no apartado 2º, permite polo tanto que se poidan adxudicar obradoiros ás 3 asociacións que se atopan en primeiro lugar en dito listado e que son as seguintes:

Expediente	CIF	Entidade	Obradoiro
2022010935	G36888030	Asociación de viudas de Bayona “ <i>Mercedes de la Escalera</i> ”	Risoterapia
2022010948	G36613891	Asociación galega San Francisco (Vigo)	Risoterapia
2022010957	G94197522	Asociación de vecinos pe de Mula (Mondariz)	Ximnasia de mantemento

5º.- Con data 23 de setembro de 2022, Intervención emite Dilixencia de “Fiscalizado e Conforme” respecto da proposta, da Xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude, de adxudicación de 3 obradoiros do programa “DEPO EN MARCHA 2022” (CSV: BFL4WNVEPLDK0KQG) a 3 asociacións que se atopan en lista de agarda, trala renuncia presentada pola Asociación Veciñal Mánduas (Silleda) (CIF: G36582278), Asociación de Mulleres en Igualdade (Vigo) (CIF: G27712306) e a Asociación Cultural o Rubal da Picoña (CIF: G36311439).



O órgano competente para a concesión é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base décimo terceira da convocatoria.

De acordo co exposto, e tendo en conta o establecido nas Bases reguladoras do programa DEPO EN MARCHA 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar a adxudicación de 3 obradoiros, por renuncia da entidades citadas ás asociacións que se detallan a continuación e que figuraban en primeiro lugar na lista de agarda:

Expediente	CIF	Entidade	Obradoiro
2022010935	G36888030	Asociación de viudas de Bayona “ <i>Mercedes de la Escalera</i> ”	Risoterapia
2022010948	G36613891	Asociación galega San Francisco (vigo)	Risoterapia
2022010957	G94197522	Asociación de vecinos pe de Mula (Mondariz)	Ximnasia de mantemento

Segundo: Actualizar o listado de entidades que se atopan en lista de agarda, que se detallan a continuación, e publicar a mesma na páxina Web www.depo.gal:

Nº	NIF/CIF	Entidade	Curso
1	G36302776	Fundación lar pro salud mental Vilagarcía	Risoterapia
2	G36260511	Asociación vecinos de Pintens	Risoterapia
3	G36376259	Asociación de mulleres veciñais O Castelo	Ximnasia De Mantemento
4	G36121713	Asociación cultural veira do Rio de Pontesampaio	Conservando A Memoria
5	G36284321	Asociación vecinos parroquia de Bora	Risoterapia
6	G27771195	Asociación veciñal novo Vigo	Conservando a Memoria
7	G36463495	Asociación de mulleres rurais de Paradela	Ximnasia de Mantemento
8	G36105724	Asociación de veciños cultural e deportiva de Cordeiro	Bailes de Salón
9	G94103777	Asociación rural mulleres Etribela Lourizan	Bailes de Salón
10	G36589372	Asociación Cultural con de Nerga	Informática. Avanzado

13.32153.- DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO “SEMINARIO: LA IGUALDAD EN LA CULTURA Y EL ARTE- DESDE LA PERSPECTIVA DE COLECTIVOS CON DISTINTAS CAPACIDADES” DA ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL (Expte. 2022026900)

A *Asociación para el desarrollo educativo y cultural* solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Seminario: la igualdad en la cultura y el arte- desde la perspectiva de colectivos con distintas capacidades*”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 53 de 17 de marzo de 2022.



A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 1.706,09 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, con data de 5 de agosto presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022043860, no que nos comunica que queren plantexar cambios no proxecto presentado inicialmente (cambios na actividade), en canto ao ámbito provincial e non estatal como programaban inicialmente e redución da duración da xornada.

O seminario íase desenvolver durante dous días, o 2 e 3 de decembro de 2022, e nel participaban diferentes asociacións e colectivos representativos e de artistas referentes de outras comunidades autónomas (Madrid, Murcia, Valencia,...). Para a realización do Seminario solicitaron colaboración económica ao Ministerio de Cultura. Pero dado que non recibirán esa aportación económica (tal e como indican no seu escrito) solicitan á Deputación unha modificación da actividade e da duración da mesma.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo quinta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de dous meses dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros. Neste caso a modificación varía notablemente a actividade e a puntuación de valoración do proxecto, polo que non procede autorizar a solicitude de modificación do proxecto.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Denegar a modificación do proxecto “*Seminario: la igualdad en la cultura y el arte- desde la perspectiva de colectivos con distintas capacidades*”, solicitado pola *Asociación para el desarrollo educativo y cultural* (CIF:G94153053), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.



14.32154.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO “DANA” DA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN (Expte.2022022616)

A Fundación Érguete-Integración solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “Dana”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 53 de 17 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 2.616,01 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, con data de 7 de setembro presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022048395, no que nos comunica cambios no proxecto presentado inicialmente, en canto a temporalización das accións formativas que van a realizar e nunha das docentes que imparte a formación.

No proxecto presentado inicialmente programaron a realización de accións formativas: un taller de defensa persoal e outro de autoestima e igualdade, que se ían desenvolver nos meses de setembro, outubro e novembro. Por problemas de dispoñibilidade de instalacións e do persoal docente teñen que modificar as horas planificadas inicialmente e tamén a persoa docente que imparte o taller de autoestima e igualdade.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo quinta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de dous meses dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros; como é o caso do cambio solicitado pola Fundación Érguete-Integración.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación do proxecto “DANA”, solicitado pola *Fundación Érguete-Integración* (CIF:G36861078), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.



15.32155.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO “FEMINISMO, REFLEXIÓN E ACCIÓN” DA REDE GALEGA POLA IGUALDADE (Expte.2022026792)

A Rede Galega pola Igualdade solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Feminismo, reflexión e acción*”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 53 de 17 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 3.070,97 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, con data de 28 de xullo presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022042101, no que nos comunica cambios no proxecto presentado inicialmente, en canto o título da xornada que van a realizar e nunha das poñentes que ía intervir.

No proxecto presentado inicialmente programaron a realización dunha xornada multidisciplinar e feminista que leva por título “Prostitución e pornografía, razóns para a súa abolición”, unha das poñentes que ía participar é Rosana Izquierdo, pero por incompatibilidade sobrevinda coa súa axenda non poderá participar e será substituída por este motivo, comunican que esta poñente será substituída por Laura Berja Vega.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo quinta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de dous meses dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros; como é o caso do cambio solicitado pola Rede Galega pola Igualdade.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación do proxecto “*Feminismo, reflexión e acción*”, solicitado pola *Rede Galega pola Igualdade* (CIF: G94054889), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.



16.32156.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO “IGUALANDO 2022” DO CONCELLO DE A GUARDA (Expte.2022023428)

O concello de A Guarda solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “Igualando 2022”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 47 de 9 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 5.245,27 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, con data de 2 de setembro de 2022, presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022047676, no que nos comunica cambios no orzamento presentado inicialmente, en canto aos importes dos diferentes conceptos presentados no orzamento aprobado.

Entre as actividades programadas dentro do proxecto atópanse a elaboración do IV Plan de Igualdade de oportunidades de mulleres e homes cuxo gasto ascendía a 2.982,90 € e a execución de roteiros e andainas “en feminino” cun investimento de 338,80 €. Posta en marcha a realización das actividades, a elaboración do citado Plan ten un custe inferior ao indicado inicialmente, ascendendo finalmente a 2.420 €, nembargantes as actividades enmarcadas dentro da realización dos roteiros e andainas “en feminino”, sofren un incremento de gasto de hasta 901,70 €.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións; a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros; como é o caso do cambio solicitado polo concello de A Guarda.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación do proxecto “Igualando 2022”, presentado polo Concello de A Guarda (CIF:P3602300-J), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.



17.32157.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS

Vista a relación de facturas con número 2022060253, que contén catro facturas e por un importe de 8.348,38 € e con CSV: BZWEXB4FDTMVOI98, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 22 de setembro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	7.590,07 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	758,31 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	8.348,38 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

18.32158.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022060248, que contén cinco facturas e por un importe de 12.438,35 € e con CSV: O9NS8JGPO90QFNH4, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 22 de setembro de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	12.438,35 €
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	12.438,35 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



19.32159.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB PESCA AS JORITAS PARA “CONCURSO DE PESCA DO ALBARIÑO 2022”, (Expte.2022024814)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club de Pesca As Joritas* con NIF: G94015112, do *concello de Cambados*, por un importe de 332,48 €, para o “*Concurso de pesca Albariño 2022*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022050477 con data 22/09/2022 do citado club renunciando á subvención concedida dado que solicita o 60% e concédese o 10,4 %, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

20.32160.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

21.32161.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

